

Pontevedra Literaria.

Murguía versus Muruais.

A sospeita dun plaxio

José Manuel Ramos González

O vertixinoso e exponencial crecemento de obras literarias xurdidas no século XIX debeuse en boa medida a tres causas. A primeira delas foi a Revolución Industrial que permitiu producir o libro como artigo de consumo, reducíndoo a un prezo que ata entón só estaba ao alcance dos máis privilexiados. Este abarataemento propiciou un maior acceso á cultura e foi facendo cada vez menos fondo o abismo entre unha clase alta e acomodada e un pobo inculto e analfabeto, favorecendo a aparición dunha burguesía e clase media que comezaría a pechar a enorme fenda social existente ata entón.

En segundo lugar, as políticas sociais impulsaron a alfabetización masiva e xeraron máis expectativas para saír da miseria na que estaban sumidas as clases populares máis desfavorecidas.

O terceiro factor, e non por iso menos importante que os dous anteriores, pódese atribuír á aparición xeneralizada da prensa que, se ben o seu primeiro obxectivo consistía en informar dos sucesos locais ou do que acontecía no mundo, tamén foi medio de divulgación das obras dos autores máis consagrados. Moitos escritores noveis atoparon na prensa un trampolín para tentar canalizar as súas ambicións artísticas. O folletín, inserido nas páxinas dun xornal, resultaba moi económico e satisfacía dous obxectivos: a necesidade do autor de publicar e a do lector de ter a oportunidade de ler una boa obra de ficción. A publicación dunha novela nunha folla de periodicidade

diaria e ao alcance de todos, constituía unha excelente alternativa para as economías máis precarias, convertendo a literatura nunha das artes máis populares.

Neste contexto económico e social xurdiron escritores á esgalla. Algúns triunfaron; outros, a maioría, quedaron polo camiño ou o paso do tempo foinos relegando ao esquecemento. E neste revoltado mar de “plumillas” irrompeu inevitablemente o mellor e o peor da natureza humana; saíron a colación envexas e tirapuxas que desembocaron á súa vez en enfrontamentos máis ou menos encetados.

Dous dos maiores motivos de inqueda entre os homes de letras consistían en recibir unha crítica negativa e verse publicamente denunciados por plaxio. Se ben a primeira resultaba ás veces difícil de superar, a outra era a máis temida, toda vez que se cuestionaba xa non só a valía artística do individuo, senón que estaba en xogo a súa reputación como persoa e a súa integridade moral.

Por outra banda, denunciar un plaxio saía de balde, porque os medios de proba ao alcance do público eran escasos. Líase pouco e menos aínda nun idioma estranxeiro, ao escasear as traducións. Abondaba con insinualo, para que no subconsciente do lector agromase o pouso da sospeita, esa sempiterna dúbida inimiga da presunción de inocencia. Ben é certo que entre todas estas acusacións, algunhas gozaban de

fundamento, xa que resultaba fácil plaxiar e quedar impune. Aqueles con menos escrúpulos viron o ceo aberto para apropiarse de ideas e páxinas de autores que, se ben eran célebres nos seus países de orixe, aínda resultaban ser uns descoñecidos na nosa terra. Francia, Rusia, Italia e Inglaterra remataron sendo un viveiro de autores a plaxiar.

O plaxio sempre estivo e está presente na historia da literatura. A liña que separa a copia textual da mera inspiración ou a influencia en ocasións é tan fina que se pode franquear con facilidade.

Así, por exemplo, Leopoldo Alas “Clarín” foi inxustamente acusado de plaxio polo crítico literario pontevedrés Jesús Muruais¹. Este sentía unha antipatía visceral polo novelista e tamén crítico Clarín, animadversión que duraría toda a vida e cuxa orixe atopábase nunha rivalidade da infancia, cando ambos os dous estudaban no Instituto de Pontevedra². Escribía Muruais, nunha das súas duras críticas dirixidas ao escritor asturiano, o revelador epigrama:

*Vestido de romano en un festín
salió cuando estudiaba aquí latín
recitando un palique sin empacho
¡No tenía diez años aún Clarín
Y ya era a más de codio³,
mamarracho⁴!*

Cando os detractores de Clarín, liderados polo escritor de orixe francés Luis Bonafoux⁵, comezaron a espallar o ruxe ruxe de que o autor de *La Regenta* copiara partes da obra

mestra de Gustave Flaubert, *Madame Bovary*, Muruais viu a oportunidade para apoiar esta causa, de todos os xeitos inxusta, e darlle un duro golpe ao seu eterno inimigo sumándose á manda acusadora. O asunto, como era de agardar, pasou relativamente desapercibido, se ben Clarín viuse tan acosado que chegaría a escribir un célebre opúsculo titulado *Mis plagios* co fin de defenderse.

Noutra ocasión, coa súa retranca característica, Muruais, aproveitando unha tirapuxa moi dura con Pedro Antonio de Alarcón co gallo do suicidio de Teodosio Vesteiro, sinalou de forma explícita ao autor de *El sombrero de tres picos*, ao soste que este plaxiara a novela *De Villahermosa a la China* de Pastor Díaz na súa obra *El escándalo*⁶.



Manuel Murguía

Pero como “o que a ferro mata a ferro morre”, Jesús Muruais recibiu unha boa dose da súa propia medicina. En setembro de 1879, o crítico literario e historiador coruñés Manuel Murguía dirixiu ao xornal pontevedrés *El Anunciador* unha carta na que acusaba a Muruais de plaxiar no seu conto *Historia de un libro in folio*⁷, un capítulo de *Le Livre*, cuxa autoría correspondía ao crítico e novelista francés Jules Janin. A carta en cuestión consistía nunha réplica a un escrito de Muruais nas páxinas do xornal *El Lérez*, nas que este colaboraba. Finalizando a misiva, Murguía instaba ao director de *El Anunciador* a:

Publicar en una columna el menos soporífero de ciertos cuentos, y en la de al lado reproducir (en francés, para que de la gente menuda solo lo entienda el Sr. Jesús Muruais) cierto capítulo de una obra de Jules Janin, titulada Le Livre, que como se vería entonces, no hacen mala juntanza.

Chegou este parágrafo entre liñas para que se suscitase unha virulenta polémica na que Murguía mantería unha actitude pasiva, a diferenza de Muruais que se defendeu con uñas e dentes. Murguía non volvería reafirmarse nestas palabras, nin retractarse delas, permanecendo á marxe de toda a poeirada que provocou, e dando luz verde a algún dos seus adláteres para soste a veracidade de tal acusación.

Murguía e Muruais, condenados ámbolos dous a ser inseparables nos índices onomásticos dos literatos galegos, deron pábulo ao escándalo ao amosar abertamente as súas desavinzas na prensa. Lamentable suceso que desprestixiaba as letras rexionais e que foi reprobado por máis dun.

Os motivos da acusación non estaban claros. Á marxe do enfrontamento entre dúas fortes personalidades, existía un precedente que,

na nosa opinión, ben puido ser o detonante. En 1876 Jesús Muruais publicou *Semblanzas Galicianas*, conxunto de descrições cheas de sarcasmo e ferintes críticas a varios autores da época, contos poéticos que lle granxearon moitas inimizadas ao crítico da cidade do Lérez. A Murguía foille adicada unha destas “semblanzas” nas que Muruais pretendía por de manifesto a súa falta de constancia na elaboración da súa obra literaria e, en particular, na famosa e sempre inacabada *Historia de Galicia*. Abondando na crítica da obra do seu colega, Muruais tamén engadiu chanzas ofensivas, significando a baixa estatura e a feble complexión física de Murguía:

*Ya que la Naturaleza
Hízole principio de hombre,
Él la imita en su perezza,
Que en desdoro de su nombre,
Nada acaba y todo empieza*⁸.

Isto, como era de agardar, non lle debeu gustar nada a Murguía, quen, nun intre determinado, viu a oportunidade de devolver a afronta.

A denuncia de Murguía tivo moito eco na prensa da época e contou cun aliado na persoa de Indalecio Armesto, daquela director de *El Anunciador*. Armesto tivera fortes disputas con Muruais durante varios meses nunhas réplicas e contrarréplicas nos xornais rexionais. Indalecio Armesto tamén fora no seu día vítima doutro dardo envelenado por Muruais cando, noutra das súas célebres “semblanzas”, chamoulle botaporela e covarde:

*Casi siempre en sus artículos
Hace amenazas tremendas:
Es la segunda edición
Del enano de la venta*⁹.

Axiña respondeu Muruais cunha carta aberta publicada en *El Lérez*, na cal non se explicaba o motivo polo



Jesús Muruais

cal o seu nome saía a relucir na carta-denuncia de Murguía, xa que confesaba non ser o autor das liñas que constituían as causas da queixa do coruñés, para logo desenvolver unha serie de hipóteses polas que explicaba o ataque de Murguía. Confesaba non ter lido o conto de Janin, pero admitía coñecer ao crítico francés. Solicitaba a Murguía que demostrase a súa afirmación con probas, dedicando por último unhas agres verbas a Armesto por “abusar” do seu nome nas páxinas de *El Anunciador*.

Durante meses produciuse un intenso intercambio de díxome-díxomes na prensa rexional que se saldou finalmente co descrédito dos argumentos de Murguía quen, debido á súa pouca simpatía persoal e agre carácter, gozaba de múltiples inimigos no mundo das letras. Armesto tamén foi arrastrado no aluvión de reproches pola súa actitude diante da falta de probas e as evidencias postas de manifesto por Muruais, que na súa defensa presentou en *El Lérez* o seu conto e o capítulo supostamente plaxiado, de tal xeito que o lector tivo a posibilidade de analizar canto de certo tiña a acusación.

Así, en *El Heraldo Gallego*, dirixido por Valentín Lamas Carvajal, publicouse un divertido artigo, asinado baixo o pseudónimo de Cantar Claro, no que se negaba a comisión de plaxio por Muruais. Entre outras consideracións afirmábase:

Considerando que una vez probado que el delito de plagio no existe, queda demostrado ipso facto que D. Manuel (Murguía) cometió el de calumnia a sabiendas, agravado por el hecho de no haber presentado intencionadamente, pruebas en confirmación de sus asertos. (...)

Manuel Murguía hace un deplorable uso del cetro de la crítica que en sus manos se convierte en ferrada maza, y con el que en lugar de regir prudentemente a sus súbditos, los descalabra¹⁰.

Pero non todo o mundo comunxou coas teses exculpatorias do pontevedrés. Algúns consideraron a palabra de Murguía e Armesto dogma de fe, xa que o seu prestixio literario conferíalles certo principio de autoridade. Afectos á tese murguiana, sostiñan que o suplemento

publicado por *El Lérez* era un erro manifesto por parte de Muruais, quen expoñía abertamente as probas do seu delito. Deste xeito, o caldense Antonio Salgado, colaborador en *La Ilustración Gallega y Asturiana* da que Murguía era director, escribía a este:

Habrá usted visto el Suplemento que publicó El Lérez. Es famoso. Parece mentira que Muruais esté tan ciego que suministre al público las pruebas de la justicia con que usted, después de neciamente provocado, le acusó de plagio. Podrá ser que Muruais no haya leído la obra de Janin; otros milagros más grandes se han visto, pero lo que no podrá negar es que el bibliófilo de su cuento se parece, como una gota de agua a otra gota, al D. Vicente del escritor francés. Dominados ambos personajes por la idéntica monomanía, conciben igual odio hacia los que arrebatan los libros de sus ensueños; cometen el mismo crimen con el mismo fin y sienten desesperación igual, el uno porque está borrada la fecha de su libro, el otro porque no es el único. ¿En qué rango se diferencia la fisonomía moral de los dos caracteres que uno y otro escritor han querido delinear? No doy con ella,



Le livre

aunque Muruais asegura con toda formalidad que ni en el fondo, ni en la forma se parece su narración a la del escritor francés. En efecto, el ropaje exterior es distinto, pero el fondo ... Lo que es por esta vez, ha hecho buen papel el chiflado y malcriado D. Jesús, el crítico de los críticos (...) ¹¹.

Igualmente, o escritor Ramón Segade Campoamor dirixíase a Murguía noutra carta, nos seguintes termos:

He leído, después que usted me lo indicó, los artículos de El Lérez. La cosa no vale la pena, y el caso es que a usted lo ponen nada menos que de Capitán General, y en cambio Muruais toca el violón, porque al fin pone de manifiesto el cuerpo del delito, y como el público es el único juez, este ya debió resolver que si es verdad que el cuento no se copió a la letra, el pensamiento, la trama y hasta la conclusión son idénticos. De modo que su afirmación de usted queda en pie, no quedándole a Muruais otro recurso que decir que Janin y él han coincidido en un mismo pensamiento, pero como el del crítico francés es anterior, de aquí la duda y sospecha de si la ilustración

conocida del poeta pontevedrés haya o no tenido presente aquel trabajo. Tiene usted razón pues en no tomar en serio esta cuestión, y ahora menos que nunca guardando el más profundo silencio (...) ¹².

Nós fixémonos co libro de Janin e o conto de Muruais para facer unha análise que nos permitise ter unha opinión á marxe da dos críticos da época que, como xa puxemos de manifesto, foron maioritariamente indulxentes con Jesús Muruais. Tamén se lle reprochou a Armesto e a Murguía a xestación dunha innecesaria polémica que redundaba na mala imaxe que dende o exterior estaban dando as letras galegas con esas liortas fraticidas e intestinas proclives a desprestixiar a uns e a outros. A polémica en nada favorecía a loita por situar ao noso país nun posto de honra dentro da cultura peninsular.

Malia á opinión case unánime, cremos que a prensa rexional se posicionou en base a criterios subxectivos. Relacións persoais de amizade e compañeirismo eran moi habituais no ámbito xornalístico para apoiar a uns e atacar a outros. Careceuse de imparcialidade ao tomar partido contra Murguía e Armesto, xa que a inocencia do escritor pontevedrés non era tan evidente.

Hai que entrar no miolo da obra para atopar as evidencias que poden demostrar parte da tese exposta polos partidarios de Murguía.

Dado que o devandito *Suplemento de El Lérez* non se atopa nas hemerotecas ás que temos acceso, fixémonos coa obra de Janin en francés, pois que se saiba nunca se traduciu na súa totalidade. Trala lectura do mencionado capítulo, supostamente plaxiado, extraemos as seguintes conclusións:

O relato de Janin é o núcleo do capítulo quinto do volume titulado *Le Livre*, estruturado en xornadas. Está narrado en terceira persoa por un personaxe que forma parte dunha conversa entre varios individuos que se presentan ao principio, emulando o estilo narrativo do *Decamerón*. O seu protagonista é D.Vicente, un monxe español que, logo de abandonar o convento durante a desamortización de Mendizábal, convértese en libreiro. A súa paixón de bibliófilo é tal que asasina aos seus propios compradores para recuperar os exemplares vendidos. É un psicópata, pois carece de calquera tipo de empatía coas súas vítimas, e manifesta diante do tribunal que trancar unha vida non supón unha gran perda, xa que os homes son mortais. Sen embargo os libros, dos que só existe un exemplar, son insubstituíbles e hai que conservalos.

O seu primeiro crime é o dun anticuario que puxa máis ca el por un exemplar. Unha noite queima a librería do seu rival e asasinao para recuperar o volume. Vicente mata a nove homes máis. É capturado e condenado a morte por garrote vil. As súas derradeiras palabras son de desesperación, non pola súa condena, senón por terse probado durante o xuízo oral que un dos seus exemplares máis queridos non é único.

Ao preocuparse máis dos seus libros que de si mesmo, confésase culpable nestes termos:

Si, son un asasino, alomenos é con boa intención. Quería enriquecer a ciencia e conservar uns tesouros que ela non podería reemplazar. Se actuei, fágase comigo todo o que se queira, pero que non se dividan os meus libros; non é xusto castigar a albarda por culpa do asno que a transporta ¹³.

O relato de Muruais comeza cun bibliófilo que adquire un lote de libros. Dun deles cae un papel escrito en grego e que está dirixido ao posuidor do exemplar. O conto continúa reproducindo o contido da carta, que se trata dunha confesión en primeira persoa.

O protagonista de *Historia de un libro in folio* é alemán, tamén preocupado pola conservación da súa biblioteca á súa morte. Durante a procura das obras máis exclusivas, xorde un rival que o adianta sempre na adquisición dos maravillosos exemplares. Pero hai un libro en particular que busca afanosamente e que no seu día estivera en poder do seu avó. Certo día cadra co seu rival nunha librería onde ve o libro ansiado, pero ao ir collelo, o suxeito adiántaselle de novo. Comeza unha discusión sobre quen ten dereito a mercar o libro. Un di que o viu primeiro, o outro que o colleu primeiro. Remata a disputa co antagonista asasinado con varias coiteladas, pero o sangue da vítima acaba borrando a data da portada do libro, única proba da autenticidade do volume. Isto é motivo de desesperación para o asasino.

Sen embargo, ao contrario que Vicente, amosa certo arrepentimento cando ao final se expresa do seguinte xeito:

*No me atrevo a tocar este libro comprado con la sangre de un semejante mío*¹⁴.

A nós parécenos bastante axeitado o xuízo de Antonio Salgado, reproducido anteriormente: dous personaxes con igual monomanía, asasinados por semellantes motivacións e ao final a mesma frustración, porque o libro, obxecto das súas desviadas paixóns, non cumpre a expectativa requirida, un porque se lle borrou a data e o outro porque non é único. Por outra banda, obsérvanse certos intentos de

Muruais por evitar a copia, ao introducir elementos diferenciadores tales como a nacionalidade do bibliófilo, o narrador en primeira persoa, a presentación da aventura, o arrepentimento final do seu protagonista...

Definitivamente, existe unha clara coincidencia entre ámbolos dous relatos.

É sabido que Muruais dominaba o francés, non en van era catedrático do devandito idioma no Instituto de Pontevedra. Por outra banda, era posuidor dunha monumental biblioteca onde maioritariamente sobresaían os autores franceses da época, polo que recibía con bastante inmediatez o que se publicaba en París. Desta biblioteca fíxose inventario cando foi adquirida en 1947 polo entón director da Biblioteca Pública de Pontevedra, Enrique Fernández Villamil. Entre os seus volumes puidemos atopar un libro de Jules Janin, *El asno muerto*¹⁵. Non figura *Le Livre*, pero debemos ter en conta o expurgo, probable saqueo e deterioro que sufriu a biblioteca trala morte do seu propietario en 1903. Incluso podemos suxerir que o propio Muruais o ocultase ou se desfíxese del trala denuncia. Á súa vez, non deixa de ser revelador que entre a publicación de ambas as dúas obras só transcorreran catro anos. Janin publica *Le Livre* en 1870 e Muruais o seu conto en 1874. Esta proximidade temporal, e todas as circunstancias favorables para facerse co libro en cuestión, permítenos deducir que Muruais coñecía *Le Livre*, malia telo negado na carta-réplica a Murguía en *El Lérez*.

Plaxiou Muruais o conto de Janin? Dende o noso punto de vista, e tras a lectura de ambos os dous relatos, diremos que non. Inspirouse nel? Con toda certeza extraeu a idea, aínda que esta é tan peculiar que tampouco é sorprendente que para algúns críticos traspasase algunha delicada liña.

Muruais non plaxiou a obra de Janin, pero sen esta o conto *Un libro in folio* non existiría. A partir do argumentado ata aquí, que sexa agora o lector quen extraia as súas propias conclusións.

Notas.

- ¹ MURUAIS, Jesús, "Los plagios de Clarín", *Galicia Humorística*, 30 de abril de 1888. Páxs. 239-240.
- ² Jesús Muruais coñeceu a Clarín á idade de dez anos, cando este último viviu en Pontevedra. O pai do crítico ovetense, Jenaro Alas, foi destinado en febreiro de 1863 a Pontevedra como Gobernador Civil, aínda que a familia soamente estaría residindo nela tres meses. Durante esta curta estadía, o fillo do gobernador estudou no instituto da cidade e era oito meses maior que Muruais, polo que seguramente coincidiron.
- ³ No *Diccionario Galego-Castelán* de Xosé Luis Franco Grande defínese códio ou códeo indistintamente como un calificativo que adoita darse nas cidades episcopais galegas ao estudante de seminario que comeza a carreira. Sen embargo, no *Diccionario del dialecto gallego de Luis Aguirre del Río* (1858), defínese códeo por home rústico, ordinario, patán, emplasto, achacoso e enfermizo. Juan Manuel Pintos Villar, no seu *Vocabulario gallego-castellano* (1865), defínese códeo como o alcume que lle dan aos estudantes novatos, ou da aldea, cortezudo. Alude ao rústico ou á pobreza por alimentarse de codeas ou codias (cortizas duras do pan de varios días). En calquera caso non deixa de ser un concepto que atribuído a Clarín é absolutamente peyorativo.
- ⁴ MURUAIS, Jesús: "Apéndice a las Semblanzas Galicianas". *Galicia Moderna*. Atisbos, 1 outubro de 1897.
- ⁵ Luis Bonafox Quintero (Saint-Loubès, 19 de xuño de 1855-Londres, 28 de novembro de 1918), foi un xornalista e escritor español nado en Francia.
- ⁶ MURUAIS, Jesús: "Al Excmo. Sr. D. Pedro Antonio de Alarcón, autor de *El escándalo*". *El Heraldo Gallego*, 19 de xullo de 1876.
- ⁷ O relato *Historia de un libro in folio* está incluído na antoloxía titulada *Cuentos soporíferos* (1874).
- ⁸ MURUAIS, Jesús: *Semblanzas Galicianas*. Imprenta José María Ramos. Ourense, 1876.
- ⁹ *Ibid.* Referencia á poesía de Juan Eugenio Hartzenbusch "El enano de la venta" sobre un anano arrogante e pendencioso que profíre ameazas sen atreverse a levarlas a cabo por covardía.
- ¹⁰ "Páginas de un proceso literario". *El Heraldo Gallego*, 25 de novembro de 1879.
- ¹¹ Fragmento de carta de Antonio Salgado a Manuel Murguía datada en Caldas de Reis o 21 de novembro de 1879.
- ¹² Fragmento de carta de Ramón Segade Campoamor a Manuel Murguía datada en novembro de 1879.
- ¹³ JANIN, Jules: *Le Livre*. Henri Plon Editeur. París, 1870. Cinquième Journée. Páxs. 122-123.
- ¹⁴ MURUAIS, Jesús: *Cuentos soporíferos*. Imprenta Madrigal. Pontevedra, 1874.
- ¹⁵ LAVAUD, Jean-Marie: "Una biblioteca pontevedresa a finales del siglo XIX". *Estudios de información*, nº24 (outubro-diciembre 1972). Páx. 322 (*El asno muerto*. Encademado de *El Folletín de las Novedades*, nº2882).